

Recurso nº 100/2019**Resolución nº 100/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por HM HOSPITALES DE GALICIA S.L. contra o anuncio e os pregos da contratación dun servizo de hemodiálise extrahospitalaria na comarca do Deza, expediente AB-SER4-19-003 do Servizo Galego de Saúde, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Servizo Galego de Saúde convocou a licitación do contrato dun servizo de hemodiálise extrahospitalaria na comarca do Deza, expediente AB-SER4-19-003, cun valor estimado declarado de 5.523.420 euros.

Segundo.- O 17.04.2019 HM HOSPITALES DE GALICIA S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Solicitado ao Servizo Galego de Saúde o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP), a documentación foi recibida neste Tribunal o día 30.04.2019. Nesta indícase que, nese intre, non se recibira no centro directivo ningunha presentación de oferta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- Existe un aspecto da presentación deste recurso especial que non pode ser obviado, nas circunstancias do caso.

Así, o recorrente, persoa xurídica, en vez de proceder a presentación telemática do recurso especial como lle correspondía, acudiu a unha presentación presencial no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

Pois ben, na remisión que se nos fai dende o Rexistro desa presentación, se recolle: *“Observacións: ADVERTIDA DA OBRIGATORIEDADE DA PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA E DAS CONSECUENCIAS DO SEU INCUMPRIMENTO, CONFORME O ARTIGO 14.2 DA LEI 39/2015.”*

Como sabemos, e debe saber a empresa recorrente, o artigo 14.2 da Lei 39/2015, recolle:

“2. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ao menos, os seguintes suxeitos:

a) As persoas xurídicas.

b) As entidades sen personalidade xurídica.

c) Os que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas

no exercicio da dita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

d) Os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

e) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que o determine regulamentariamente cada Administración.”

O seguinte a apuntar é que o recorrente, a pesar daquela advertencia, non chegou a presentar telemáticamente o recurso especial como lle correspondía, sen que se nos aportase unha imposibilidade electrónica impeditiva. Destacamos, a maior abastanza, a plena accesibilidade e publicidade que ten a presentación telemática deste recurso especial, con formularios axustados a este obrantes tanto na sede electrónica da Xunta de Galicia, como na propia páxina web deste TACGal dunha forma moi clara, xunto coa publicidade derivada da súa publicación no DOG de 28.03.2018. Sen ánimo exhaustivo, destacamos que, precisamente, a web do TACGal aparecía tamén no anuncio desta licitación no DOUE, ao aludirse ao órgano competente para o recurso.

Polo tanto, nas circunstancias relatadas, debemos inadmitir o recurso especial por non estar entón presentado en tempo e forma.

Por exemplo, a recentísima Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 284/2019, de 25 de marzo de 2019, advirte:

“Cabe añadir que es reiterada la doctrina de este Tribunal respecto a la inadmisibilidad de los recursos presentados en papel. En nuestra Resolución 411/2016 de 27 de mayo, -con cita y transcripción de la normativa aplicable en materia de uso de medios electrónicos-, ya señalamos que “la obligación de relacionarse por medios electrónicos de las personas jurídicas y determinados colectivos, y la consiguiente inadmisión de aquellas solicitudes que no se acomoden a tales exigencias, ha sido expresamente reconocida por la jurisprudencia”, criterio reiterado en numerosas resoluciones (v.g., resoluciones 435/2018 y 441/2018, ambas de 27 de abril, 679/2018, de 12 de julio, 957/2018, de 19 de octubre o 1138/2018, de 7 de diciembre, entre otras muchas).

La presente reclamación se ha interpuesto en soporte papel, sin que se haya justificado ante el Tribunal la imposibilidad de acceso a la tramitación electrónica del interesado, por lo que procede también su inadmisión por este motivo.”

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por HM HOSPITALES DE GALICIA S.L. contra o anuncio e os pregos da contratación dun servizo de hemodiálise extrahospitalaria na comarca do Deza, expediente AB-SER4-19-003 do Servizo Galego de Saúde.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.